

Dúas tramas nunha novela rica: «A antesala luminosa», de Antonio Tizón. Texto de Rosalía Cotelo

Reproducimos a intervención de [Rosalía Cotelo](#) sobre a novela *A antesala luminosa*, de [Antonio Tizón](#), na [presentación](#) de onte na Coruña.

La Voz de A Coruña

► 5 Febrero, 2015



PRESENTACIÓN EN PORTAS ÁRTABRAS

«A antesala luminosa», de Tizón


El periodista y escritor Antonio Tizón presentó anoche en Portas Ártabras su novela, *A antesala luminosa* (Xerais). El autor destaca la mezcla en este libro de los ingredientes clásicos de la novela negra «e os temas dos que de verdade me interesan». FOTO [MARCOS MÍGUEZ](#)

A antesala luminosa é unha novela que desborda xéneros e expectativas, como a luz desborda unha estancia ou o líquido desborda un vaso. Nese desbordamento non hai desmesura, senón a promesa dunha riqueza temática e literaria que invita a seguir lendo. É esta unha novela rica, porque é unha obra de sabores complexos, e o símil é intencionado, porque nela, a comida e a bebida son parte esencial da trama que se nos narra. Entre tenreira, polbo, ameixas, albariños e menciás; entres restaurantes, mesóns, cafés, casinos e prostíbulos, esta é unha novela de sabores e sabores, que transita, sobre de todo, A Coruña, e nela o Orzán, a Cidade Vella, a praza do Humor, o barrio das Flores ou a praia do Matadoiro, onde a historia comeza; e que percorre Madrid, onde, como diría o poeta Jaime Gil de Biedma, a vida adquire, de repente, carácter panorámico. Madrid é unha colmea de praceres, dores e excesos; é un espazo ruidoso onde a vida vai máis rápido. Como pano de fondo da historia dos protagonistas, está o curso da historia de todos, un caudal de auga imparabile, que trae o goberno de Suárez, a morte de Steve McQueen, o 23-F, ou a volta do exilio do Guernica de Picasso.

O propio autor define esta novela non como novela negra, senón mulata, porque é unha mestura de novela negra (polo que ten de crime e investigación, de nocturnidade, corrupción e desexo) con outra narrativa, outros temas e outras tramas que voan lonxe e voan alto, moito máis preto da luz que da

negrura. É mulata tamén porque mestura a realidade coa ficción, e a autobiografía co imaxinado. Eu engadiría que ademais a novela é mulata porque enraíza forte na realidade, e, na realidade, as cousas non son negras nin brancas.

No capítulo sexto da vida e novela de Gustavo Gallego, que leva o título de “A loucura”, en plena alucinación visual e auditiva, e ao borde dun abismo inevitable, Gustavo ve “toda a súa vida resumida nun intre, simbolizada nun dobre camiño, o camiño do ben e o camiño do mal”. A bifurcación, a bipolaridade, o desdobraemento e, en esencia, o número dous, son columna vertebradora desta obra.



Hai dúas tramas, primeiro paralelas e logo converxentes, que estruturan a novela. Co inspector Sánchez comeza o libro, e con el seguimos as pegadas de Gustavo Gallego, e a trama máis negra (que non a máis escura) da novela, a que é (ou semella) puramente detectivesca. O inspector é tamén un lector, e soña con ser escritor: “Algún día, cando me retire, penso facer eu tamén novelas cos casos recompilados nos meus cadernos de notas” (p. 13). Na súa procura de Gustavo Gallego, presunta vítima, presunto culpable, e verdadeiro protagonista do libro, o inspector comeza a ler unha media-novela que escribiu Gustavo, que é media, porque consta só dos capítulos pares.

A media-novela que conta a historia de Gustavo Gallego comeza en 1978, cando este chega a Madrid para estudar Xornalismo, cunha maleta en cada man, con “dezaioito anos, bigotudo, fraco e medio tanguelirán”. É unha historia de transicións, e unha historia de diversións e subversións, praceres e excesos, de violencia, dor, encontros e procuras do tempo perdido en salas de cine, en parques, en bares, e partidas de cartas. É tamén, e sobre de todo, unha historia de loucura e de amor. Hai un momento no que o inspector Sánchez di que “non hai maior inxustiza que unha morte a destempo” e non hai “peor crime ca unha vida medio facer” (p. 47), e é María Silveira, a outra protagonista desta novela, a que fai da vida de Gustavo unha vida enteira. María Silveira, á que lle gustaba máis a pintura que o xornalismo, será estrela e horizonte constante da historia ás veces náufraga (por desancorada e por solitaria) de Gustavo. Con ela compartirá primeiro “un teito acolledor, a salvo de infernos alleos e ceos escuros e fríos”, sen pasar pola “antesala luminosa do altar” (p. 39), e con ela terá unha filla, teito e cénit luminoso da súa vida compartida.

Hai entón, nesta novela, dúas novelas dentro dunha, e unha delas só ten capítulos pares. Hai dous narradores, un en primeira persoa, no máis clásico estilo da novela negra, e outro, omnisciente, multiselectivo, que tende a multiplicarse. Hai tamén dous cadáveres calcinados na praia do Matadoiro a

mañá despois de San Xoán, que é como comeza o libro; e hai dous Gustavos, un, Gustavo Gallego, o protagonista, e outro, o antagonista que descubrimos cara o final da novela, Gustavo Fernández-Santos, un deus que se volveu demo. O número dous articula a historia en oposición ademais ao un, é dicir, á idea de individuo e da súa soidade, nunha novela na que a loucura se define como “unha especie de soidade absoluta” (p. 205).

A duplicidade e a dualidade son claves desta novela, e en consecuencia, é o movemento do vaivén o que a define. O vaivén entre un mundo real e outro ficticio, o paraíso e o inferno, entre a conciencia do correcto e a tentación dun demo de moi diversos disfraces, entre a euforia e o baleiro. Gustavo oscila entre a lucidez e a escuridade, entre o equilibrio e o caos, entre Aristóteles e Nietzsche, coa ameaza constante de que o que semella un camiño de ida e volta poida converterse, nun abrir e pechar de ollos, nunha vía de sentido único, nunha viaxe só de ida, na que ao cruzar a antesala luminosa, non exista xa oportunidade de voltar atrás. Nese vaivén, no limiar da cordura, soños e visións, premonicións e realidade confúndense nun vértigo que ten de terrorífico o que ten adictivo.

Con seu irmán ao volante do coche que os leva de Madrid a Galicia (porque esta é tamén, unha novela de estrada), Gustavo Gallego ve a súa morte e inicia un monólogo delirante pero extremadamente lúcido:

«Teño medo a estar volvéndome tolo, a non controlar a miña mente, teño medo do que vexo porque non debería velo, nin sequera debería crelo, teño medo do que penso porque en cuestión de segundos bórrase do meu pensamento, teño tantas ideas á vez que unhas devoran as outras, vánseme tódalas ideas e todo o que se me ocorre é monstruoso, teño medo ós fachas, ós terroristas, ós militares, a este país de loucos, teño medo de ir para o inferno, teño medo á loucura, á morte, que vexo tan cerca, véxoa, véxoa, véxoa, para, para, para o coche!» (p. 119)

Non leo máis para manter a intriga...

A antesala luminosa é, en definitiva, unha novela de espazos pechados, de camas e barras de bar, de manicomios, de aulas, de prostíbulos, de restaurantes e de salas de cine; pero tamén de estradas e de viaxes que levan toda a noite, toda a vida. É unha novela de esmorga e de noctámbulos, de bebedores, fumadores, de fornicadores e xogadores. De noites meigas, e meigas da noite. De aprendizaxe, de memoria, de lectura e escritura. De historias de detectives e de historias de amor. De desexo, de medo, de cambio e transición. De luz e sombra. Ou mellor, de sombra, e luz.

Rosalía Cotelo